*Os nenos y nenas da escola pública «Jesús Álvarez Valdés» da Caridá, como nos brindaron a oportunidá de participar nel Arco da Veya, decidimos que queríamos contar cómo son as festas dos nosos llugares. Xa se sabe qu'é un día especial pra todos os vecíos y qu'os nenos somos os que máis gozamos condo hai xarana pol medio.*

*Os máis pequenos quixemos miyor falar dos nosos personaxes favoritos de dibuxos animaos que, tamos seguros, serán tamén os preferidos de muitos de vosoutros, nenos y grandes.*

*Como estos días anduvemos amañando actividades relacionadas col Día Escolar da Non Violencia y a Paz, tamén vos mandamos úa receta mui particular que fixemos. A ver se ten ésito y pral ano que vén hai muita máis paz nel mundo ou, polo menos, muitas menos guerras y conflictos.*

*Ah, ides a ver qu'El Arco da Veya aumentóu a máis páxinas. Así y todo, nun couperon todas as colaboracióis y houbo que poñer namáis dalgúas.*

# Tarta prá Paz

## Lo que se ye bota:



- **Pra fer a base:**
*un sacao de non á guerra, medio sacao d'amistá, dúas potecadas de non á discriminación, dez sacaos de non al terrorismo, cinco carretillaos de solidaridá.*

- **Pra botar por dentro:**
*doce prataos d'amor, seis puñaos de felicidá, tres ou cuatro cuyaradas de tolerancia, seis pocillos de respeto, oito puñaos d'igualdá, úa potecada de xusticia.*

- **Pral almíbar:**
*úa xarrada d'espírito de convivencia y seis vasaos de non al racismo.*

- **Pr'adornar:**
*cinco concadas de non á esplotación infantil, doce garfelladas de non á violencia de xénero.*

## Cómo se fai:

Pra fer a base coyemos el sacao de non á guerra, el medio sacao d'amistá y os carretillaos de solidaridá y triturámoslos ben. Reservámoslo. Batimos as potecadas de non á discriminación cos sacaos de non al terrorismo y botamos encima el triturao que xa tíamos amañao. Revolvemos ben, verquémoslo nun molde al xeito y cocémoslo a forno suave media hora máis ou menos.

## San Cibrán

Eu vivo en Arancedo. Úa das festas que se celebran allí ta dedicada a San Cibrán, dura dous días y faise el 16 de setembre. Faise úa misa en honor del patrono. Despóis da misa faise úa procesión unde os homes del pueblo llevan el santo. En acabando a procesión, a xente que quer vei al parque d'Arancedo pra tomar algo y pra escuitar as orquestas que tocan. Tamén se fai úa comida especial en todas as casas y vein invitaos. Estos últimos anos, a diferencia dos pasaos, a chourizada faise al outro día pra qu'as muyeres que cocinan podan ir á festa. Este día, aparte d'ouguir tocar as orquestas, a xente baila y repártense rapóis, empanadas y chourizos. Ás veces vén un quiosco unde venden llamberetes y xoguetes, úa carpa y úa colchoneta, que tamén tán nel parque.

*Jénifer Cancelos Fernández, Arancedo, 4º*



## Santa Rita

A festa da que vou falar é Santa Rita, que se celebra el 22 de mayo, dura tres días y faise en Arancedo, cerca d'Andía. El día 23 de mayo en Santa Rita celébranse as comunióis y este ano fíxenla eu con cinco nenos máis. A festa faise nun parque pequeno y allí hai bar, dúas orquestas y este ano poñeron úa colchoneta pra rebrincar os nenos. Pola mañá, ás doce, hai sesión vermú y pola noite un montón de xente ta pol bar y os xubilaos y outras personas bailan. Tamén tiran cuetes y hai úa procesión el 23 y vai un montón de xente. El último día, pola noite, fain chourizos y rapón hasta as 12 da noite. Tamén se fai comida especial na mía casa y temos invitaos. ¡Ta mui rica!

*Adrián Ron García, Andía, 4º*

Pr'amañar el que vamos botar por dentro, botamos nun cazo os prataos d'amor y os puñaos de felicidá y poñémoslos a cocer a fougo suave; condo vaya entestando, amecemos as cuyaradas de tolerancia, os pocillos de respeto y os puñaos d'igualdá y revolvemos hasta que se faga úa crema testa. Esperamos a qu'esfreza y botámosye a potecada de xusticia ben batida. Mezcrámoslo revolvendo sin parar y reservámoslo pra despós.

Pra fer el almíbar botamos nun cazo a xarrada d'espírito de convivencia y os vasaos de non al racismo y deixámosye ferver un bon cacho, hasta que se volva pegañoso.

Condo a base tía fría, partímosla polla mitá y puemos úa das mitades núa bandexa especial pra tartas. Moyámosla ben con abondo almíbar y botamos por encima a crema que fixéramos. Colocamos entoncias el outra mitá da base y emborrachámosla col almíbar que nos quedóu.

Pr'acabar, adornámosla espolveirándola ben cuas concadas de non á esplotación infantil y repartindo as garfelladas de non á violencia de xénero.

*Alumnos y alumnas de gallego-asturiano de 4º y 5º de Primaria:*

*Natalia, Jeni, Patricia, Roberto, Luis, Nuria, Adrián Mera, Sergio Pérez, Adrián Ron, Saúl, Carlota, Sergio Menéndez, Javier, Paula, Tania Pérez, Antonio, Tania Fernández y Adrián Lenza.*



## El Ánxel

Vivo na veira del mar, nun pueblo pequeno que se chama El Porto. As festas del llugar son as del Ánxel y fainse pol brao, el primeiro fin de semana d'agosto. El santo ta núa capiya pequena dende a que se ve el muelle. Allí fain a misa y sácanlo en procesión entre dúas personas. As orquestas, que son dúas, poinse nel muelle y allí faise el baile. Muita xente pasíase pol muelle, na veira del mar. Hai úa tenda de xoguetes y un bar. Algúas veces hai regatas y adornan as lanchas que tán nel muelle. El último día hai úa orquesta pequena y comida pra todo el mundo, peró vai pouca xente.

*Luis Lastra Fernández, El Porto, 4º*

## El Quince

El 15 d'agosto celébrase na Braña; festéxase el día da nosa Señora da Braña. Vein muitos romeiros visitar a virxe porque el santuario y a santa son mui conocíos y xa dende veyo se yes ten muita devoción.

Hai úa serie de ritos que se repiten ano tras ano: a misa mayor y a procesión alredor del igresia (mentres dura a procesión tiran cuetes y tocan as campás), a xente acércase a chuchar el manto da virxe y a prender velas, tamén se pasan pol manto pra bendecillos ramos de teixo con roscas ou sin ellas (esos ramos llévanse prá casa y dánseyes a os que nun poderon ir á festa), veise hasta a fonte da virxe beber auga y coyer úa pouca pra llevalla á casa (a xente fai estas cousas porque a santa ten fama de milagreira), muita xente lleva a comida y quédase de merenda nos praos qu'hai na veira da fonte ou alredor del campo del igresia.

De noite hai orquestas y baile hasta ben tarde. Tamén hai bares y tenderetes pra comprar cousas os nenos.

*Sergio Menéndez Rodríguez, Romeye, 5º*

## San Miguel

A festa de San Miguel celébrase el 29 de setembre na Caridá. Dura entre tres y cuatro días que son: el día da charanga, San Miguel, San Miguelín y el día del neno. A charanga é el víspora de San Miguel. Un burro de Pascual, un vecín meu, recorre as cayes con un carro con chourizos, xamón y viño. Tamén van tocando música pr'anunciar el empezo das festas. San Miguel é el día principial. Polla mañá hai úa misa mui llarga y despós úa sesión vermú y polla noite festa con coches de choque, tiro y el canguro tamén. San Miguelín é al outro día de San Miguel. Hai festa polla noite, cuas mesmas cousas qu'el víspora. El día del neno hai karts, hinchables... Polla tarde y xa al escurecer dan bollo preñao y rapón. Tamén hai úa orquesta pra despedir as festas. ¡As festas de San Miguel son as miyores!

*Antonio Suárez García, A Senra (A Caridá), 5º*



## Marge Simpson

El meu personaxe favorito é Marge, a dos Simpson, porque ten el pelo mui llargo, é mui graciosa y sempre lleva vestido. A súa familia nun ye axuda nada nas llaborías da casa y sempre que salen de paseo díceye a Hommer, el sou home, que nun beba, peró él nun ye fai caso.

*Fani Santamarina Vázquez, San Xuyán, 2º*

## Minnie



Minnie é divertida y cariñosa. Gústame porque é úa ratía y porque lleva un vestido de color rosa con puntíos. Ten as narices redondas y tamén os oyos redondos, vive en Eurodisney y en Disneylandia.

*Lucía Iglesias Pulido, Miudes 2º*

## Micky Mouse



El meu personaxe favorito é Micky Mouse porque hai muitas cousas divertidas y faime gracia. É un rato y vai mui ben vestido porque ten us zapatos y lleva un xersé y tamén us calzóis.

*Pablo Sánchez Blanco, El Vao, 2º*

## Kika Super Bruxa

El meu personaxe favorito é Kika Super Bruxa. É úa nena lista y guapa. Ten el pelo colorao y ten maxa. Tamén ten un colobrón verde. Ten muitos amigos y pode viaxar al pasado. Por eso é a que más me gusta.

*Juan Arenales Méndez, A Caridá, 2º*



## Winx Club



El meu personaxe son as Winx Club porque son fadas y salvan el mundo das fadas. Y encima tein purpurina y tamén me gusta porque engalan.

*Lucía García Berdiales, A Caridá, 2º*